

TAREFAS PARA A CASA

• CONTO "ROSA CONTRA EL VIRUS".

Podedes lerlles o conto "Rosa contra el virus", pois é unha maneira adaptada á infancia para que entendan a situación que estamos vivindo.

Podedes atopalo no seguinte enlace:

https://marketing.editorialsentir.com/contenidosadicionales/Cuento_Rosa_contra_el_virus.pdf


• RUTINAS

Nas vosas casas os nenos e nenas poderán seguir traballando as rutinas que todos os días levamos a cabo en asemblea. A continuación volas explico:

- **CALENDARIO:** nun calendario podedes ir marcando o día que é, e así falar de que número é, día da semana, mes no que estamos, ano... incluso a estación e o tempo que está a facer, ir contando desde o día 1 ata o día no que nos atopamos...

Ou, se queredes amplialo, tamén poden escribir nun folio: os días da semana, os meses do ano, os números cos días que pode ter un mes... corear cada un diferente e recortalos de maneira independente (mellor en forma de rectángulo), e así ir poñendo nun lugar significativo da casa o que corresponda ó día no que estamos, ó igual que facemos na asemblea. Déixovos un exemplo a continuación para que podades visualizalo mellor:





1	2	3	4	21	22	23	24
5	6	7	8	25	26	27	28
9	10	11	12	29	30	31	
13	14	15	16	2018	2019		
17	18	19	20	2020	2021		

- **A CASIÑA DAS LETRAS MINÚSCULAS:** poden debuxar unha casiña do abecedario das letras minúsculas, como a que vos deixo a continuación, e cada día decir o nome de cada unha delas. Desta maneira traballamos a orde das letras do abecedario e o recoñecemento das letras minúsculas. A maiores, unha vez que dixeron o nome de cada unha delas, poden facer o mesmo cos seus sons e incluso se queredes amplialo poderedes preguntarlles polas sílabas. Así, poderedes facerlle preguntas como: Como explota o M cando vai co U? e eles deberán contestar MU. Pois agora poderedes pensar palabras que empecen por esa sílaba..

A CASIÑA DAS LETRAS MINÚSCULAS

a	b	c	d	e	f
g	h	i	j	k	l
m	n	ñ	o	p	q
r	s	t	u	v	w
x	y	z			

• **DIARIO**

Podedes facer un libro con folios, cartolinas... o que teñades pola casa, tendo portada e contraportada. Podedes axudarvos de material de refugallo para escribir o título, como recortes de letras das revistas, das caixas das galletas... deixade sempre voar a vosa imaxinación.

Nel, cada día poderán escribir e/ou debuxar o máis fermoso que lle pasara, para poder sacar algo positivo desta situación (como pode ser aprender a facer pizza, ler un conto coa súa familia, axudar a ordenar o armario, estar tempo en familia...). Poden aproveitar tamén para escribir como título de cada día o día, mes e ano no que estamos.

Poden ir sacando fotos diariamente e, cando sexa posible, imprimilas e engadilas ás páxinas do diario para apoiar o que escriban e/ou debuxen. Teremos como resultado algo semellante ó album das fotos do verán que cada neno e nena trouxo pero coas súas vivencias durante este tempo.

No momento de escribir as palabras, cada neno ou nena farao segundo a etapa de escritura na que se atope, polo que deberá respetarse e sempre deberedes felicitalo por ese esforzo que acaba de facer, aínda que esté mal a palabra. Se algún neno ou neno ten dúbidas ó escribir ou se bloquea, poderedes axudarlle da seguinte maneira:

- Dar tantas palmadas (sílabas) como ten a palabra.
- Dicar o número de sílabas que ten.
- Primeira palmada, escribo o que escoito.
- Segunda palmada, escribo o que escoito.
- E así co total de sílabas que teña a palabra.
- Finalmente, é tempo de ver se falta algunha letra. Teredes que facer todos os pasos anteriores remarcando moi ben o son de cada letra para que vexan se lles falta algunha, eles ou elas mesmas poden ir completando o que lles falta se é preciso.

• **O GUSANO ABN DE TAPÓNS**

É moi sinxelo, simplemente lles tedes que facer un burato no centro do tapón e unilos todos cun cordón. Poderán facelo con tantos tapóns como vaiades xuntando pola casa.

Ó telo feito, gardarédolo para cando acabe isto levalo á clase, onde poderemos comparar cantos tapóns ten cada neno/a que o fixera, contar o número deles, dicir que gusano ten máis, cal ten menos... Mentres, poderán ir contando tapón por tapón.

Podedes decirlles, como elemento motivador, que cando volvamos ó cole teremos con nós ós vermeños como fixemos o pasado curso que tanto lles gustaron.

Déixovos un exemplo para que o visualicedes mellor.



• MANUALIDADES

- Facer un tiburón con plastilina.

Déixovos un enlace dun tutorial do que se poden axudar:

<https://www.youtube.com/watch?v=mUNbWXauVZU>

Se non a tedes por casa, unha magnífica actividade sería facela con eles/elas.

Déixovos un tutorial onde poderedes ver como se fai paso a paso:

<https://www.youtube.com/watch?v=s2XODe46JiA>

• XOGOS DE MESA TRADICIONAIS PARA TRABALLAR A LÓXICO-MATEMÁTICA

- **A BARALLA ESPAÑOLA:** poden ordear as cartas de menor a maior e posteriormente de maior a menor.

Tamén poden sacar unha carta ó azar, e que digan que número é o anterior e cal o posterior.

Ademais, poden asociar as cartas que son do mesmo pao e as que son da mesma cantidade. Tamén poderedes repartir as cartas entre as persoas participantes no xogo, e ir tirando de un en un vendo cal é a carta de cantidade superior ou inferior...

Se non tedes unha baralla na casa, eles mesmos poden facer unha personalizada (con diferentes obxectos como estrelas, corazóns...).

- **DOMINÓ:** cada peza trae certa cantidade de puntiños e, á súa vez, está dividida por unha liña. Así, xuntámonos con dúas cantidades diferentes nunha mesma peza. Grazas a iso, poden facer a suma desas cantidades para saber a resultante, de maneira escrita.

O mesmo que coa baralla vos digo co dominó, se non o tedes na casa eles mesmos poden facer as pezas con papel, cartolina...

- **LECTURA**

Ler cada día un conto. Logo, debuxar ó personaxe principal ou aquel que máis lles gustara, representando nel todas as partes do seu corpo e aqueles pequenos detalles que teña, así como escribir o seu nome. Unha vez rematado, deberán observar que o personaxe teña todas as partes do corpo (ollos e pupilas, pestanas, cellas, nariz, boca, orellas, pescozo, brazos, 5 dedos en cada man, que as pernas e brazos non sexan de pao....).

Ademáis, poderedes xogar a ler palabras que aparezan no conto. Se algún neno se bloquea, deberán ir lendo de maneira silábica: separando a palabra en sílabas, e ir recordándolle como é o son de cada consoante e posteriormente como é o son de esa consoante explotando coa vogal. Así, se a palabra que teñen que ler é MASA, deberán ler primeiro MA e logo SA. Se teñen dúbidas, recordádelle como sona o M e como o fai cando explota co A. O mesmo coa seguinte sílaba ata que teñan a palabra completa.

- **VIDA COTIÁ**

É importante que os nenos e nenas participen nas labores da casa desde edades temperás, e ás veces polas prásas do día a día fáisenos complicado. Por iso, neste tempo poderedes aproveitar para que participen nas tarefas que desenvolvedes nas vosas casas: poñer a mesa, meter a roupa na lavadora, axudar a tender a roupa, gardar e ordear as súas cousas, emparexar calcetíns, botar auga no vaso, vestirse e desvestirse sós, ducharse sós... sen estrés e sen agobios. Con tarefas tan cotiás como estas traballamos a coordinación, a forza muscular, atención, motricidade fina, concentración... que nos preparan para logros tan importantes como son a escritura e a lectura.

- **EDUCLAN, DE RTVE EN COORDINACIÓN CO MINISTERIO DE EDUCACIÓN**

Ofrécevos episodios de ciencia, lingua, arte, idiomas, tecnoloxía, convivencia, lóxico-matemática... no seguinte enlace:

<https://www.rtve.es/infantil/series/educlan-3-5-anos/>